

OBRADOIRO PAPEL RECICLADO

Actividade: obradoiro de papel reciclado.

Material:

- Caixa plástica.
- Auga.
- Batedor de vaso.
- Esponxa ou rolo de esponxa.
- Papel usado para reciclar.
- Dous bastidores do mesmo tamaño, un con grella e outro sen grella.
- Anacos de tela rectangulares.
- Pinzas.
- Corda ou tendal.
- Confeti
- Opcional: trituradora de papel e temperas de cores.

- No caso de non ter bastidores pódese facer con dous marcos de fotografías, tela de mosquitera e grampadora.

Destinatarios: todos os cursos.

Data: Semana do medioambiente (do 5 ao 9 de xuño).

Descrición da actividade:

1. Cortamos en anacos pequenos revistas vellas, periódicos ou papel usado nas aulas que xa non utilizamos. Pódese cortar o papel a man ou empregando a trituradora de papel.
2. A continuación botamos os anacos de papel nunha caixa plástica con auga. Pasado un tempo, cando estean brandos os metemos na batedor de vaso cun pouco de auga e batemos ata que quede unha masa homoxénea de papel acuosa. Se desexamos que o noso papel reciclado sexa de cores, dividiremos a mestura en diferentes caixas plásticas e engadiremos temperas de cores.
3. Engadiremos parte da masa na caixa plástica chea de auga.

4. Meteremos os bastidores na mestura de papel reciclado ou os bastidores que previamente fixemos. É importante que esta mestura unha vez vertida quede o máis lisa posible e que cubra toda a grella.
5. A continuación deixaremos escorrer a auga sobranste, quitaremos o bastidor sen grella e colocaremos sobre unha superficie plana o bastidor con grella enriba dunha tela rectangular seca para que absorba o auga. É importante que as telas estean estiradas na mesa para que non queden dobras.
6. Coa esponxa ou rolo comezaremos a premer por riba da masa de papel para ir eliminando a auga.
7. Finalmente, con moito coidado, colgaremos con pinzas a tela co noso papel reciclado nunha corda e deixarase secar un día.

ENLACE: [OBRADOIRO DE RECICLAXE](#)

FOTO/OS:

